

# Óptica

[Método e recomendacións](#)

## ◇ PROBLEMAS

### ● Espellos

- Un espello cóncavo ten 50 cm de raio. Un obxecto de 5 cm colócase a 20 cm do espello:
  - Debuxa a marcha dos raios.
  - Calcula a posición, tamaño e natureza da imaxe.
  - Debuxa unha situación na que non se forme imaxe do obxecto.

(P.A.U. xuño 14)

Rta.: b)  $s' = 1,00$  m;  $y' = 25$  cm; imaxe virtual, dereita e maior.

#### Datos (convenio de signos DIN)

Raio de curvatura do espello

Tamaño do obxecto

Posición do obxecto

#### Incógnitas

Posición da imaxe

Tamaño da imaxe

#### Outros símbolos

Distancia focal do espello

#### Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nos espellos

Aumento lateral nos espellos

Relación entre a distancia focal e o raio de curvatura

#### Cifras significativas: 2

$R = -50$  cm =  $-0,50$  m

$y = 5,0$  cm =  $0,050$  m

$s = -20$  cm =  $-0,20$  m

$s'$

$y'$

$f$

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s}$$

$$f = R / 2$$

#### Solución:

a)

Debúxase un esquema de espello cóncavo (un arco de circunferencia vertical cóncavo cara á esquerda), e sitúase o foco F á esquerda do espello, á metade da distancia entre o espello e o seu centro C.


Debúxase, á súa esquerda, unha frecha vertical cara arriba, que representa ao obxecto O.

Desde o punto superior do obxecto débúxanse dous raios:

- Un, horizontal cara ao espello, que se reflicte de maneira que o raio reflectido pasa polo foco F.
- Outro, cara ao espello, que se reflicte sen desviarse pasando polo centro C de curvatura do espello.

Como os raios non se cortan, prolónganse alén do espello ata que as súas prolongacións se corten.

O punto de corte é o correspondente á punta da imaxe I. Debúxase unha frecha vertical nese punto.



b) Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda do espello teñen signo negativo.

Calculase a distancia focal, que é a metade do raio do espello.

$$f = R / 2 = -0,50 \text{ [m]} / 2 = -0,25 \text{ m}$$

Substitúense os datos na ecuación dos espellos:

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f} \Rightarrow \frac{1}{s'} + \frac{1}{-0,20 \text{ [m]}} = \frac{1}{-0,25 \text{ [m]}}$$

Calcúlase a posición da imaxe despechando:

$$\frac{1}{s'} = \frac{1}{-0,25 \text{ [m]}} - \frac{1}{-0,20 \text{ [m]}} = -4,0 \text{ [m]}^{-1} + 5,0 \text{ [m]}^{-1} = 1,0 \text{ [m]}^{-1} \Rightarrow s' = +1,0 \text{ m}$$

A imaxe fórmase a 1,0 m á dereita do espello.


Substitúense os datos na ecuación do aumento lateral nos espellos, e calcúlase a altura da imaxe despechando:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{-1,0 \text{ [m]}}{-0,20 \text{ [m]}} = 5,0$$

$$y' = A_L \cdot y = 5,0 \cdot 5,0 \text{ cm} = 25 \text{ cm}$$

A imaxe é virtual ( $s' > 0$ ), dereita ( $A_L > 0$ ) e maior ( $|A_L| > 1$ ).

*Análise: Os resultados dos cálculos están en consonancia co debuxo.*



c) Cando o obxecto atópase no foco, os raios saen paralelos e non se cortan, polo que non se forma imaxe.

2. Un obxecto de 1,5 cm de altura está situado a 15 cm dun espello esférico convexo de raio 20 cm. Determina a posición, tamaño e natureza da imaxe:

- Graficamente.
- Analiticamente.
- Pódense obter imaxes reais cun espello convexo?

(P.A.U. set. 09)

**Rta.:** b)  $s' = +6,0 \text{ cm}$ ;  $y' = 6,0 \text{ mm}$

### Datos (convenio de signos DIN)

Raio de curvatura do espello convexo

Tamaño do obxecto

Posición do obxecto

### Incógnitas

Posición da imaxe

Tamaño da imaxe

### Outros símbolos

Distancia focal do espello

### Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nos espellos

Aumento lateral nos espellos

Relación entre a distancia focal e o raio de curvatura

### Cifras significativas: 2

$R = +0,20 \text{ m}$

$y = 1,5 \text{ cm} = 0,015 \text{ m}$

$s = -0,15 \text{ m}$

$s'$

$y'$

$f$

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s}$$

$$f = R / 2$$

### Solución:


a)

Debúxase un esquema de espello convexo (un arco de circunferencia vertical cóncavo cara á dereita), e sitúase o foco F á dereita do espello, á metade da distancia entre o espello e o seu centro C.

Debúxase, á súa esquerda, unha frecha vertical cara arriba, que representa ao obxecto O.

Desde o punto superior do obxecto debúxanse dous raios:

- Un, horizontal cara ao espello, que se reflicte de maneira que a prolongación do raio reflectido pasa polo foco F á dereita do espello.



- Outro, cara ao espello, que se reflicte sen desviarse, de forma que a prolongación do raio reflectido pasa polo centro C de curvatura á dereita do espello.

Como os raios non se cortan, prólonganse alén do espello ata que as súas prolongacións se corten. O punto de corte é o correspondente á punta da imaxe I. Debúxase unha frecha vertical nese punto.

b) Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda do espello teñen signo negativo. Cálculase a distancia focal, que é a metade do raio do espello.

$$f = R / 2 = 0,20 \text{ [m]} / 2 = 0,10 \text{ m}$$

Substitúense os datos na ecuación dos espellos:

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f} \Rightarrow \frac{1}{s'} + \frac{1}{-0,15 \text{ [m]}} = \frac{1}{0,10 \text{ [m]}}$$

Cálculase a posición da imaxe despexando:

$$\frac{1}{s'} = \frac{1}{0,10 \text{ [m]}} - \frac{1}{-0,15 \text{ [m]}} = 10 \text{ [m]}^{-1} + 6,7 \text{ [m]}^{-1} = 17 \text{ [m]}^{-1} \Rightarrow s' = 0,060 \text{ m}$$

A imaxe fórmase a 6,0 cm á dereita do espello.

Substitúense os datos na ecuación do aumento lateral nos espellos, e calcúlase a altura da imaxe despexando:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{-0,060 \text{ [m]}}{-0,15 \text{ [m]}} = 0,40$$

$$y' = A_L \cdot y = 0,40 \cdot 1,5 \text{ cm} = 0,60 \text{ cm} = 6,0 \text{ mm}$$

A imaxe é virtual ( $s' > 0$ ), dereita ( $A_L > 0$ ) e menor ( $|A_L| < 1$ ).

*Análise: Os resultados dos cálculos están en consonancia co debuxo.*

c) As imaxes producidas por espellos convexos son sempre virtuais. Isto pode demostrarse coa ecuación dos espellos:

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f} \Rightarrow \frac{1}{s'} = \frac{1}{f} - \frac{1}{s} \Rightarrow s' = \frac{1}{\frac{1}{f} - \frac{1}{s}}$$

Polo criterio de signos,  $s < 0$ , e nos espellos convexos,  $f > 0$ , polo que:

$$\frac{1}{f} - \frac{1}{s} > 0$$

Por tanto,  $s' > 0$  sempre. A imaxe vaise formar á dereita do espello e vai ser virtual (os raios de luz non atravesan os espellos).

- Un obxecto de 3 cm está situado a 8 cm dun espello esférico cóncavo e produce unha imaxe a 10 cm á dereita do espello:
  - Calcula a distancia focal.
  - Debuxa a marcha dos raios e obtén o tamaño da imaxe.
  - En que posición do eixe hai que colocar o obxecto para que non se forme imaxe?

(P.A.U. xuño 08)

**Rta.:** a)  $f = -0,40 \text{ m}$ ; b)  $y' = 3,8 \text{ cm}$

**Datos (convenio de signos DIN)**

Posición do obxecto

Posición da imaxe

Tamaño do obxecto

**Incógnitas**

Distancia focal do espello

**Cifras significativas: 3**

$s = -8,00 \text{ cm} = -0,0800 \text{ m}$

$s' = 10,0 \text{ cm} = -0,100 \text{ m}$

$y = 3,00 \text{ cm} = 0,0300 \text{ m}$

$f$

**Incógnitas**

Tamaño da imaxe

 $y'$ **Ecuacións**

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nos espellos

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

Aumento lateral nos espellos

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s}$$

Relación entre a distancia focal e o raio de curvatura

$$f = R / 2$$

**Solución:**

a) Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda do espello teñen signo negativo. Substitúense os datos na ecuación dos espellos:

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f} \Rightarrow \frac{1}{0,100 \text{ [m]}} + \frac{1}{-0,080 \text{ [m]}} = \frac{1}{f}$$

Cálculase a distancia focal despxando:

$$\frac{1}{f} = 10,0 \text{ [m]}^{-1} - 12,5 \text{ [m]}^{-1} = -2,50 \text{ [m]}^{-1} \Rightarrow f = -0,400 \text{ m}$$

b)

Debúxase un esquema de espello cóncavo (un arco de circunferencia vertical cóncavo cara á esquerda), e sitúase o foco F á esquerda do espello, á metade da distancia entre o espello e o seu centro C.

Debúxase, á súa esquerda, unha frecha vertical cara arriba, que representa ao obxecto O.

Desde o punto superior do obxecto débúxanse dous raios:

- Un, horizontal cara ao espello, que se reflicte de maneira que o raio reflectido pasa polo foco F.
- Outro, cara ao espello, que se reflicte sen desviarse pasando polo centro C de curvatura do espello.

Como os raios non se cortan, prológanse alén do espello ata que as súas prolongacións se corten.

O punto de corte é o correspondente á punta da imaxe I. Debúxase unha frecha vertical nese punto.

Substitúense os datos na ecuación do aumento lateral nos espellos, e calcúlase a altura da imaxe despxando:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{-0,100 \text{ [m]}}{-0,0800 \text{ [m]}} = 1,25$$

$$y' = A_L \cdot y = 1,25 \cdot 3,00 \text{ cm} = 3,75 \text{ cm} = 0,0375 \text{ m}$$

A imaxe é virtual ( $s' > 0$ ), dereita ( $A_L > 0$ ) e maior ( $|A_L| > 1$ ).

*Análise: Os resultados dos cálculos están en consonancia co debuxo.*



c) No foco. Os raios que saen dun obxecto situado no foco saen paralelos e non se cortan, polo que non se forma imaxe.

1. Dado un espello esférico de 50 cm de raio e un obxecto de 5 cm de altura situado sobre o eixe óptico a unha distancia de 30 cm do espello, calcula analítica e graficamente a posición e tamaño da imaxe:

- Se o espello é cóncavo.
- Se o espello é convexo.

(P.A.U. xuño 06)

**Rta.:** a)  $s'_1 = -1,5 \text{ m}$ ;  $y'_1 = -0,25 \text{ m}$ ; b)  $s'_2 = 0,14 \text{ m}$ ;  $y'_2 = 0,023 \text{ m}$



**Datos (convenio de signos DIN)**

Raio de curvatura do espello cóncavo

Raio de curvatura do espello convexo

Tamaño do obxecto

Posición do obxecto

**Incógnitas**

Posición das imaxes que dan ambos os espellos

Tamaño das imaxes que dan ambos os espellos

**Outros símbolos**

Distancia focal do espello

**Ecuacións**

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nos espellos

Aumento lateral nos espellos

Relación entre a distancia focal e o raio de curvatura

**Cifras significativas: 3** $R = -0,500 \text{ m}$  $R = +0,500 \text{ m}$  $y = 5,00 \text{ cm} = 0,0500 \text{ m}$  $s = -0,300 \text{ m}$  $s'_1, s'_2$  $y'_1, y'_2$  $f$ 

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s}$$

$$f = R / 2$$

**Solución:**

a)


Debúxase un esquema de espello cóncavo (un arco de circunferencia vertical cóncavo cara á esquerda), e sitúase o foco F á esquerda do espello, á metade da distancia entre o espello e o seu centro C.

Debúxase, á súa esquerda, unha frecha vertical cara arriba, que representa ao obxecto O.

Desde o punto superior do obxecto debúxanse dous raios:

- Un, horizontal cara ao espello, que se reflicte de maneira que o raio reflectido pasa polo foco F.
- Outro, cara ao espello, que se reflicte sen desviarse pasando polo centro C de curvatura do espello.

O punto de corte é o correspondente á punta da imaxe I. Debúxase unha frecha vertical nese punto.



Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda do espello teñen signo negativo.

Calcúlase a distancia focal, que é a metade do raio do espello.

$$f = R / 2 = -0,500 \text{ [m]} / 2 = -0,250 \text{ m}$$

Substitúense os datos na ecuación dos espellos:

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f} \Rightarrow \frac{1}{s'_1} + \frac{1}{-0,300 \text{ [m]}} = \frac{1}{-0,250 \text{ [m]}}$$

Calcúlase a posición da imaxe despegando:

$$\frac{1}{s'_1} = \frac{1}{-0,250 \text{ [m]}} - \frac{1}{-0,300 \text{ [m]}} = -4,00 \text{ [m]} + 3,33 \text{ [m]} = -0,67 \text{ [m]} \Rightarrow s'_1 = -1,5 \text{ m}$$

A imaxe fórmase a 1,5 m á esquerda do espello.

Substitúense os datos na ecuación do aumento lateral nos espellos, e calcúlase a altura da imaxe despeixando:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{1,50 [\text{m}]}{-0,300 [\text{m}]} = -5,00$$


$$y' = A_L \cdot y = -5,00 \cdot 5,00 \text{ cm} = -25,0 \text{ cm} = -0,250 \text{ m}$$

A imaxe é real ( $s' < 0$ ), invertida ( $A_L < 0$ ) e maior ( $|A_L| > 1$ ).

b) Constrúese un novo debuxo aplicando as indicacións do apartado anterior, pero tendo en conta que como os raios non se cortan, prolónganse alén do espello ata que se corten. O punto de corte é o correspondente á punta da imaxe **I**.

Nos espellos convexos a distancia focal é positiva:  $f = 0,250 \text{ m}$ .

Calcúlase a posición da imaxe de forma semellante ao caso anterior.



$$\frac{1}{s'_2} + \frac{1}{-0,300 [\text{m}]} = \frac{1}{0,250 [\text{m}]}$$

$$\frac{1}{s'_2} = \frac{1}{0,250 [\text{m}]} - \frac{1}{-0,300 [\text{m}]} = 4,00 [\text{m}]^{-1} + 3,33 [\text{m}]^{-1} = 7,33 [\text{m}]^{-1} \Rightarrow s'_2 = 0,136 \text{ m}$$

A imaxe fórmase a 0,14 m á dereita do espello.

Substitúense os datos na ecuación do aumento lateral nos espellos, e calcúlase a altura da imaxe despeixando:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{-0,136 [\text{m}]}{-0,300 [\text{m}]} = 0,455$$

$$y' = A_L \cdot y = 0,455 \cdot 5,0 \text{ cm} = 2,27 \text{ cm} = 0,0227 \text{ m}$$

A imaxe é virtual ( $s' > 0$ ), dereita ( $A_L > 0$ ) e menor ( $|A_L| < 1$ ).

*Análise: En ambos os casos, os resultados dos cálculos están en consonancia cos debuxos.*

- Un espello esférico cóncavo ten un raio de curvatura de 0,5 m. Determina analítica e graficamente a posición e aumento da imaxe dun obxecto de 5 cm de altura situado en dúas posicións diferentes:
  - A 1 m do espello.
  - A 0,30 m do espello.

(P.A.U. set. 05)

**Rta.:** a)  $s' = -0,33 \text{ m}$ ;  $A_{L1} = -0,33$ ; b)  $s' = -1,5 \text{ m}$ ;  $A_{L2} = -5,0$

#### Datos (convenio de signos DIN)

Raio de curvatura do espello

Tamaño do obxecto

Posición do obxecto: no primeiro caso  
no segundo caso

#### Incógnitas

Posición da imaxe en ambos os casos

Aumento da imaxe en ambos os casos

#### Outros símbolos

Distancia focal do espello

#### Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nos espellos

#### Cifras significativas: 3

$R = -0,500 \text{ m}$

$y = 5,0 \text{ cm} = 0,0500 \text{ m}$

$s_1 = -1,00 \text{ m}$

$s_2 = -0,300 \text{ m}$

$s'_1, s'_2$

$A_{L1}, A_{L2}$

$f$

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

**Ecuacións**

Aumento lateral nos espellos

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s}$$

Relación entre a distancia focal e o raio de curvatura

$$f = R / 2$$

**Solución:**


a)

Debúxase un esquema de espello cóncavo (un arco de circunferencia vertical cóncavo cara á esquerda), e sitúase o foco F á esquerda do espello, á metade da distancia entre o espello e o seu centro C.

Debúxase, á súa esquerda, unha frecha vertical cara arriba, que representa ao obxecto O.

Desde o punto superior do obxecto debúxanse dous raios:

- Un, horizontal cara ao espello, que se reflicte de maneira que o raio reflectido pasa polo foco F.
- Outro, cara ao espello, que se reflicte sen desviarse pasando polo centro C de curvatura do espello.



O punto de corte é o correspondente á punta da imaxe I. Debúxase unha frecha vertical nese punto.

Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda do espello teñen signo negativo.

Calcúlase a distancia focal, que é a metade do raio do espello.

$$f = R / 2 = -0,500 \text{ [m]} / 2 = -0,250 \text{ m}$$

Substitúense os datos na ecuación dos espellos:

$$\frac{1}{s'_1} + \frac{1}{-1,00 \text{ [m]}} = \frac{1}{-0,250 \text{ [m]}} \quad \frac{1}{s'_1} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f} \Rightarrow$$

Calcúlase a posición da imaxe despeitando:

$$\frac{1}{s'_1} = \frac{1}{-0,250 \text{ [m]}} - \frac{1}{-1,00 \text{ [m]}} = -4,00 \text{ [m]}^{-1} + 1,00 \text{ [m]}^{-1} = -3,00 \text{ [m]}^{-1} \Rightarrow s'_1 = -0,333 \text{ m}$$

A imaxe fórmase a 33 cm á esquerda do espello.


Substitúense os datos na ecuación do aumento lateral nos espellos, e calcúlase a altura da imaxe despeitando:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{0,333 \text{ [m]}}{-1,00 \text{ [m]}} = -0,333$$

$$y' = A_{L1} \cdot y = -0,333 \cdot 5,00 \text{ cm} = -1,67 \text{ cm}$$

A imaxe é real ( $s' < 0$ ), invertida ( $A_{L1} < 0$ ) e menor ( $|A_{L1}| < 1$ ).

b) Constrúese un novo debuxo aplicando as indicacións do apartado anterior.



Calcúlase a posición da imaxe de forma semellante ao caso anterior.

$$\frac{1}{s'_2} + \frac{1}{-0,300 \text{ [m]}} = \frac{1}{-0,250 \text{ [m]}}$$

$$\frac{1}{s'_2} = \frac{1}{-0,250 \text{ [m]}} + \frac{1}{-0,300 \text{ [m]}} = -4,00 \text{ [m]}^{-1} + 3,33 \text{ [m]}^{-1} = -0,67 \text{ [m]}^{-1} \Rightarrow s'_2 = -1,5 \text{ m}$$

A imaxe fórmase a 1,5 m á esquerda do espello.

Substitúense os datos na ecuación do aumento lateral nos espellos, e calcúlase a altura da imaxe despeñando:

$$A_{L.2} = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{1,50 \text{ [m]}}{-0,300 \text{ [m]}} = -5,00$$

$$y' = A_{L.2} \cdot y = -5,00 \cdot 5,00 \text{ cm} = -25,0 \text{ cm} = -0,250 \text{ m}$$

A imaxe é real ( $s' < 0$ ), invertida ( $A_{L.2} < 0$ ) e maior ( $|A_{L.2}| > 1$ ).

*Análise: En ambos os casos os resultados dos cálculos están en consonancia cos debuxos.*

1. Un obxecto de 5 cm de altura está situado a unha distancia  $x$  do vértice dun espello esférico cóncavo, de 1 m de raio de curvatura. Calcula a posición e tamaño da imaxe:

a) Se  $x = 75 \text{ cm}$

b) Se  $x = 25 \text{ cm}$

Nos dous casos debuxa a marcha dos raios.

(P.A.U. set. 04)

**Rta.:** a)  $s' = -1,5 \text{ m}$ ;  $y' = -10 \text{ cm}$ ; b)  $s' = 0,5 \text{ m}$ ;  $y' = 10 \text{ cm}$ .

#### Datos (convenio de signos DIN)

Raio de curvatura do espello

Tamaño do obxecto

Posición do obxecto: no primeiro caso  
no segundo caso

#### Incógnitas

Posición da imaxe en ambos os casos

Tamaño da imaxe en ambos os casos

#### Outros símbolos

Distancia focal do espello

#### Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nos espellos

#### Cifras significativas: 3

$R = -1,00 \text{ m}$

$y = 5,00 \text{ cm} = 0,0500 \text{ m}$

$s_1 = -75,0 \text{ cm} = -0,750 \text{ m}$

$s_2 = -25,0 \text{ cm} = -0,250 \text{ m}$

$s'_1, s'_2$

$y'_1, y'_2$

$f$

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$



**Ecuacións**

Aumento lateral nos espellos

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s}$$

Relación entre a distancia focal e o raio de curvatura

$$f = R / 2$$

**Solución:**

a)

Debúxase un esquema de espello cóncavo (un arco de circunferencia vertical cóncavo cara á esquerda), e sitúase o foco F á esquerda do espello, á metade da distancia entre o espello e o seu centro C.

Debúxase, á súa esquerda, unha frecha vertical cara arriba, que representa ao obxecto O.

Desde o punto superior do obxecto débúxanse dous raios:

- Un, horizontal cara ao espello, que se reflicte de maneira que o raio reflectido pasa polo foco F.
- Outro, cara ao espello, que se reflicte sen desviarse pasando polo centro C de curvatura do espello.

O punto de corte é o correspondente á punta da imaxe I. Debúxase unha frecha vertical nese punto.

Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda do espello teñen signo negativo.

Calcúlase a distancia focal, que é a metade do raio do espello.

$$f = R / 2 = -1,00 \text{ [m]} / 2 = -0,500 \text{ m}$$

Substitúense os datos na ecuación dos espellos:

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f} \Rightarrow \frac{1}{s'_1} + \frac{1}{-0,750 \text{ [m]}} = \frac{1}{-0,500 \text{ [m]}}$$

Calcúlase a posición da imaxe despechando:

$$\frac{1}{s'_1} = \frac{1}{-0,500 \text{ [m]}} - \frac{1}{-0,750 \text{ [m]}} = -2,00 \text{ [m]}^{-1} + 1,33 \text{ [m]}^{-1} = -0,67 \text{ [m]}^{-1} \Rightarrow s'_1 = -1,5 \text{ m}$$

A imaxe fórmase a 1,5 m á esquerda do espello.

Substitúense os datos na ecuación do aumento lateral nos espellos, e calcúlase a altura da imaxe despechando:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{1,50 \text{ [m]}}{-0,750 \text{ [m]}} = -2,00$$

$$y'_1 = A_L \cdot y = -2,00 \cdot 5,00 \text{ cm} = -10,0 \text{ cm} = -0,100 \text{ m}$$



A imaxe é real ( $s' < 0$ ), invertida ( $A_L < 0$ ) e maior ( $|A_L| > 1$ ).

b) Constrúese un novo debuxo aplicando as indicacións do apartado anterior, pero tendo en conta que como os raios non se cortan, prolónganse alén do espello ata que se corten. O punto de corte é o punto correspondente á punta da imaxe I. Substitúense os datos na ecuación dos espellos, e calcúlase a posición da imaxe despechando:

$$\frac{1}{s'_2} + \frac{1}{-0,250 \text{ [m]}} = \frac{1}{-0,500 \text{ [m]}}$$

$$\frac{1}{s'_2} = \frac{1}{-0,500 \text{ [m]}} - \frac{1}{-0,250 \text{ [m]}} = -2,00 \text{ [m]}^{-1} + 4,00 \text{ [m]}^{-1} = 2,00 \text{ [m]}^{-1} \Rightarrow s'_2 = +0,500 \text{ m}$$

A imaxe fórmase a 0,50 m á dereita do espello.



Substitúense os datos na ecuación do aumento lateral dos espellos, e calcúlase a altura da imaxe despeixando.

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{-0,500 \text{ [m]}}{-0,250 \text{ [m]}} = 2,00$$

$$y'_2 = A_L \cdot y = 2,00 \cdot 5,00 \text{ cm} = 10,0 \text{ cm} = 0,100 \text{ m}$$

A imaxe é virtual ( $s' > 0$ ), dereita ( $A_L > 0$ ) e maior ( $|A_L| > 1$ ).

*Análise: En ambos os casos, os resultados dos cálculos están en consonancia cos debuxos.*

## ● Lentes

- Unha lente diverxente de distancia focal 10 cm forma unha imaxe de 2 cm de altura. Se o tamaño do obxecto é 10 cm:
  - Calcula a distancia á que se atopa o obxecto da lente.
  - Debuxa a marcha dos raios.
  - A miopía é un defecto visual. Explica como se pode corrixir.

(P.A.U. set. 16)

**Rta.:** a)  $s = 0,40 \text{ m}$

### Datos (convenio de signos DIN)

Distancia focal da lente

Altura do obxecto

Altura da imaxe

### Incógnitas

Posición do obxecto

### Outros símbolos

Posición da imaxe

### Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nas lentes

Aumento lateral nas lentes

### Cifras significativas: 2

$$f = -10 \text{ cm} = -0,10 \text{ m}$$

$$y = 10 \text{ cm} = 0,10 \text{ m}$$

$$y' = 2,0 \text{ cm} = 0,020 \text{ m}$$

$s$

$s'$

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s}$$

### Solución:

a) A partir da ecuación de aumento lateral nas lentes pódese establecer a relación matemática entre as distancias  $s$  do obxecto á lente e  $s'$  da imaxe á lente:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s} \Rightarrow \frac{s'}{s} = \frac{0,020 \text{ [m]}}{0,10 \text{ [m]}} = 0,20 \Rightarrow s' = 0,20 s$$

Substituíndo esta relación na ecuación das lentes e despeixando, obtense a posición do obxecto:

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f} \Rightarrow \frac{1}{0,20 \cdot s} - \frac{1}{s} = \frac{1}{-0,10 \text{ [m]}}$$


$$\frac{5}{s} - \frac{1}{s} = \frac{4}{s} = -10 \text{ [m]}^{-1} \Rightarrow s = -0,40 \text{ m}$$

*Análise: O obxecto atópase á esquerda da lente.*

b)

Debúxase un esquema de lente diverxente (unha liña vertical rematada por dous «ángulos» ou puntas de frechas invertidas), e sitúase o foco  $F$  á esquerda da lente.

Debúxase, á súa esquerda, unha frecha vertical cara arriba, que representa ao obxecto  $O$ .



Desde o punto superior do obxecto débúxanse dous raios:

- Un, cara ao centro da lente. Atravésaa sen desviarse.
- Outro, horizontal cara á lente, que a atravesa e se refracta.

Debúxase de forma que a súa prolongación pase polo foco da esquerda, F, un punto simétrico ao foco F'.

Os raios non se cortan. Córtase o raio dirixido ao centro da lente coa prolongación do raio refractado. O punto de corte é o correspondente á punta da imaxe I. Debúxase unha frecha vertical nese punto.

c) A miopía é un defecto óptico que se produce cando os raios luminosos dun obxecto se enfocan por diante da retina. Isto resulta nunha imaxe borrosa. Para corrixir a miopía úsanse lentes correctoras (lentes ou lentes de contacto). Estas lentes son bicóncavas (diverxentes).

1. Unha lente converxente proxecta sobre unha pantalla a imaxe dun obxecto. O aumento é de 10 e a distancia do obxecto á pantalla é de 2,7 m.
  - a) Determina as posicións da imaxe e do obxecto.
  - b) Debuxa a marcha dos raios.
  - c) Calcula a potencia da lente.

(P.A.U. set. 12)

**Rta.:** a)  $s = -0,245$  m;  $s' = 2,45$  m; c)  $P = 4,49$  dioptrías

**Datos (convenio de signos DIN)**

Aumento da lente

Distancia entre o obxecto e a súa imaxe

**Incógnitas**

Posición do obxecto e da imaxe

Potencial da lente

**Outros símbolos**

Distancia focal da lente

**Ecuacións**

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nas lentes

Aumento lateral nas lentes

Potencia dunha lente

**Cifras significativas: 3**

$A_L = 10,0$

$d = 2,70$  m

$s, s'$

$P$

$f$

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s}$$

$$P = \frac{1}{f}$$

**Solución:**

a) Do aumento lateral podemos establecer a relación matemática entre as distancias  $s$  do obxecto á lente e  $s'$  da imaxe á lente.

$$A_L = \frac{s'}{s} \Rightarrow s' = 10,0 s$$

A distancia do obxecto á pantalla (onde se forma a imaxe) é a suma desas dúas distancias (sen ter en conta os signos):

$$|s| + |s'| = 2,70 \text{ m}$$

Tendo en conta que, polo criterio de signos, a distancia do obxecto á lente é negativa,  $s < 0$ , pero a distancia da imaxe, cando é real, á lente é positiva  $s' > 0$ , queda:

$$-s + s' = 2,70 \text{ m}$$

Aínda que nos din que o aumento é 10, o signo correcto é  $-10$ , polo que, a relación co signo adecuado entre as dúas distancias é:

$$s' = -10,0 s$$

Substituíndo  $s'$  e despexando  $s$ , obtéñense os valores da distancia do obxecto e a distancia da imaxe:

$$-s - 10,0 \quad s = 2,70 \text{ m}$$

$$s = \frac{2,70 \text{ [m]}}{-11,0} = -0,245 \text{ m}$$

$$s' = -10,0 \quad s = 2,45 \text{ m}$$

O obxecto atópase á 0,245 m á esquerda da lente e a imaxe fór-

b) Debúxase un esquema de lente converxente (unha liña vertical rematada por dúas puntas de frechas) e sitúase o foco  $F'$  á dereita da lente.


Debúxase, á súa esquerda, unha frecha vertical cara arriba, que representa ao obxecto  $O$ .

Desde o punto superior do obxecto debúxanse dous raios:

- Un, cara ao centro da lente. Atravésaa sen desviarse.
- Outro, horizontal cara á lente, que a atravesa e se refracta.

Debúxase de forma que o raio refractado pase polo foco da dereita  $F'$ .

O punto de corte é o correspondente á punta da imaxe  $I$ . Debúxase unha frecha vertical nese punto.



c) A potencia da lente é a inversa da distancia focal (expresada en metros) e pode calcularse da ecuación das lentes.

$$\frac{1}{2,45 \text{ [m]}} - \frac{1}{-0,245 \text{ [m]}} = \frac{1}{f} = P$$

$$P = 0,408 \text{ [m}^{-1}] + 4,08 \text{ [m}^{-1}] = 4,49 \text{ dioptrias}$$

- Un obxecto de 3 cm sitúase a 20 cm dunha lente cuxa distancia focal é 10 cm:
  - Debuxa a marcha dos raios si a lente é converxente.
  - Debuxa a marcha dos raios si a lente é diverxente.
  - En ambos os casos, calcula a posición e o tamaño da imaxe.

(P.A.U. xuño 12)

Rta.: c)  $s' = 0,20 \text{ m}$ ;  $y' = -3,0 \text{ cm}$ ; d)  $s' = -0,067 \text{ m}$ ;  $y' = 1,0 \text{ cm}$

**Datos (convenio de signos DIN)**

Tamaño do obxecto  
 Posición do obxecto  
 Distancia focal da lente

**Incógnitas**

Posición da imaxe en ambas as lentes  
 Tamaño da imaxe en ambas as lentes

**Ecuacións**

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nas lentes

Aumento lateral nas lentes

**Cifras significativas: 2**

$y = 3,0 \text{ cm} = 0,030 \text{ m}$   
 $s = -20 \text{ cm} = -0,20 \text{ m}$   
 $f = 10 \text{ cm} = 0,10 \text{ m}$


$s_1', s_2'$   
 $y_1', y_2'$

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s}$$

**Solución:**

- Debúxase un esquema de lente converxente (unha liña vertical rematada por dúas puntas de frechas) e sitúase o foco  $F'$  á dereita da lente.



Debúxase, á súa esquerda, unha frecha vertical cara arriba, que representa ao obxecto O.

Desde o punto superior do obxecto débúxanse dous raios:

- Un, cara ao centro da lente. Atravésaa sen desviarse.
- Outro, horizontal cara á lente, que a atravesa e se refracta.

Debúxase de forma que o raio refractado pase polo foco da dereita F'.

O punto de corte é o correspondente á punta da imaxe I. Debúxase unha frecha vertical nese punto.

*Análise:* A imaxe é real xa que  $s'$  é positiva, é dicir á dereita da lente que é a zona onde se forman as imaxes reais nas lentes. O signo negativo do tamaño indícanos que a imaxe é invertida. Os resultados dos cálculos están en consonancia co debuxo.

b)

Debúxase un esquema de lente diverxente (unha liña vertical rematada por dous «ángulos» ou puntas de frechas invertidas), e sitúase o foco F á esquerda da lente.

Debúxase, á súa esquerda, unha frecha vertical cara arriba, que representa ao obxecto O.

Desde o punto superior do obxecto débúxanse dous raios:


- Un, cara ao centro da lente. Atravésaa sen desviarse.
- Outro, horizontal cara á lente, que a atravesa e se refracta.

Debúxase de forma que a súa prolongación pase polo foco da esquerda, F, un punto simétrico ao foco F'.

Os raios non se cortan. Córtase o raio dirixido ao centro da lente coa prolongación do raio refractado.

O punto de corte é o correspondente á punta da imaxe I. Debúxase unha frecha vertical nese punto.

*Análise:* A imaxe é virtual xa que  $s'$  é negativa, é dicir á esquerda da lente que é a zona onde se forman as imaxes virtuais nas lentes. O signo positivo do tamaño indícanos que a imaxe é dereita. Os resultados dos cálculos están en consonancia co debuxo.



c) Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda da lente teñen signo negativo.

Para a lente converxente,  $f = +0,10$  m.

Substitúense os datos na ecuación das lentes:

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f} \Rightarrow \frac{1}{s'} - \frac{1}{-0,20 \text{ [m]}} = \frac{1}{0,10 \text{ [m]}}$$

Calcúlase a posición da imaxe despeando:

$$\frac{1}{s'} = \frac{1}{0,10 \text{ [m]}} + \frac{1}{-0,20 \text{ [m]}} = 10 \text{ [m]}^{-1} - 5,0 \text{ [m]}^{-1} = 5 \text{ [m]}^{-1} \Rightarrow s' = 0,2 \text{ m}$$

A imaxe fórmase a 0,2 m á dereita da lente.

Substitúense os datos na ecuación do aumento lateral nas lentes, e calcúlase a altura da imaxe despeando:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s} = \frac{y'}{0,030 \text{ [m]}} = \frac{0,20 \text{ [m]}}{-0,20 \text{ [m]}} = -1,0$$

$$y' = A_L \cdot y = -1,0 \cdot 0,030 \text{ m} = -0,030 \text{ m} = -3,0 \text{ cm}$$

A imaxe é real ( $s' > 0$ ), invertida ( $A_L < 0$ ) e do mesmo tamaño ( $|A_L| = 1$ ).

Para a lente diverxente,  $f = -0,10$  m.

A posición da imaxe calcúlase dun xeito similar ao caso anterior.

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f} \Rightarrow \frac{1}{s'} - \frac{1}{-0,20 \text{ [m]}} = \frac{1}{-0,10 \text{ [m]}}$$

$$\frac{1}{s'} = \frac{1}{-0,10 \text{ [m]}} + \frac{1}{-0,20 \text{ [m]}} = -10 \text{ [m]}^{-1} - 5,0 - 10 \text{ [m]}^{-1} = -15 \text{ [m]}^{-1} \Rightarrow s'_2 = -0,067 \text{ m}$$

A imaxe fórmase a 0,067 m á esquerda da lente.

Calcúlase a altura da imaxe dun xeito similar ao caso anterior.:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s} \Rightarrow \frac{y'}{0,030 \text{ [m]}} = \frac{-0,067 \text{ [m]}}{-0,20 \text{ [m]}} 0,33$$

$$y'_2 = 0,33 \cdot 0,030 \text{ m} = 0,010 \text{ m} = 1,0 \text{ cm}$$

A imaxe é virtual ( $s' < 0$ ), dereita ( $A_L > 0$ ) e menor ( $|A_L| < 1$ ).

*Análise: En ambos os casos, os resultados dos cálculos están en consonancia cos debuxos.*

1. Quérese formar unha imaxe real e de dobre tamaño dun obxecto de 1,5 cm de altura. Determina:
  - a) A posición do obxecto si emprégase un espello cóncavo de  $R = 15 \text{ cm}$ .
  - b) A posición do obxecto si emprégase unha lente converxente coa mesma distancia focal que o espello.
  - c) Debuxa a marcha dos raios para os dous apartados anteriores.

(P.A.U. xuño 11)

**Rta.:** a)  $s_e = -11 \text{ cm}$ ; b)  $s_l = -11 \text{ cm}$

### Datos (convenio de signos DIN)

Tamaño do obxecto

Aumento lateral

Raio do espello cóncavo

### Incógnitas

Posición do obxecto ante o espello

Posición do obxecto ante a lente

### Outros símbolos

Distancia focal do espello e da lente

Tamaño da imaxe

### Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nos espellos

Aumento lateral nos espellos

Relación entre a distancia focal e o raio de curvatura

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nas lentes

Aumento lateral nas lentes

### Cifras significativas: 2

$$y = 1,5 \text{ cm} = 0,015 \text{ m}$$

$$A_L = -2,0$$

$$R = -15 \text{ cm} = -0,15 \text{ m}$$

$s_e$

$s_l$

$f$

$y'$

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s}$$

$$f = R / 2$$

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s}$$

### Solución:

a) Se a imaxe no espello é real e de tamaño dobre, ten que ser invertida, polo que o aumento lateral será negativo.

Aplicando a ecuación do aumento lateral atópase a relación entre as distancias do obxecto e imaxe:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = -2,0 \Rightarrow s' = 2,0 s$$


Calcúlase a distancia focal, que é a metade do radio do espello.

$$f_e = R / 2 = -0,15 \text{ [m]} / 2 = -0,075 \text{ m}$$

Substitúense os datos na ecuación dos espellos:

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f} \Rightarrow \frac{1}{2,0 s} + \frac{1}{s} = \frac{1}{-0,075 \text{ [m]}}$$

Calcúlase a distancia do obxecto despeixando:



$$\frac{1}{2s} + \frac{1}{s} = \frac{1}{2s} + \frac{2}{2s} = \frac{3}{2s} = \frac{1}{-0,075 \text{ [m]}} \Rightarrow s_e = 3 \cdot \frac{(-0,075 \text{ [m]})}{2} = -0,11 \text{ m}$$

Debúxase un esquema de espello cóncavo (un arco de circunferencia vertical cóncavo cara á esquerda), e sitúase o foco F á esquerda do espello, á metade da distancia entre o espello e o seu centro C.

Debúxase, á súa esquerda, unha frecha vertical cara arriba, que representa ao obxecto O.

Desde o punto superior do obxecto debúxanse dous raios:

- Un, horizontal cara ao espello, que se reflicte de maneira que o raio reflectido pasa polo foco F.
- Outro, cara ao espello, que se reflicte sen desviarse pasando polo centro C de curvatura do espello.

O punto de corte é o correspondente á punta da imaxe I. Debúxase unha frecha vertical nese punto.

*Análise:* Nun espello, a imaxe é real se se forma á esquerda do espello, xa que os raios que saen reflectidos só se cortan á esquerda.

b)

Debúxase un esquema de lente converxente (unha liña vertical rematada por dúas puntas de frechas) e sitúase o foco F' á dereita da lente.

Debúxase, á súa esquerda, unha frecha vertical cara arriba, que representa ao obxecto O.

Desde o punto superior do obxecto debúxanse dous raios:

- Un, cara ao centro da lente. Atravésaa sen desviarse.
- Outro, horizontal cara á lente, que a atravesa e se refracta.

Debúxase de forma que o raio refractado pase polo foco da dereita F'.

O punto de corte é o correspondente á punta da imaxe I. Debúxase unha frecha vertical nese punto.

Se a lente é converxente, a distancia focal é positiva:  $f_l = 0,075 \text{ m}$

Como a imaxe é real, o aumento lateral é negativo.

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s} = -2,0 \Rightarrow s' = -2,0 s$$

Substitúense os datos na ecuación dos espellos:

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f} \Rightarrow \frac{1}{-2,0s} - \frac{1}{s} = \frac{1}{0,075 \text{ [m]}}$$

Calcúlase a distancia do obxecto despexando:

$$\frac{-1}{2s} + \frac{-1}{s} = \frac{-1}{2s} - \frac{2}{2s} = \frac{-3}{2s} = \frac{1}{0,075 \text{ [m]}} \Rightarrow s_1 = \frac{-3 \cdot 0,075 \text{ [m]}}{2} = -0,11 \text{ m}$$

*Análise:* En ambos os casos, os resultados dos cálculos están en consonancia cos debuxos.

- Un obxecto de 1,5 cm de altura sitúase a 15 cm dunha lente diverxente que ten unha focal de 10 cm. Determina a posición, tamaño e natureza da imaxe:
  - Graficamente.
  - Analiticamente.
